

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA N° 140 /2016

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/2986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 15 de ABRIL/2016 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

1) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior de data 18.03.16.

2º.- Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito. N° 03/2016.

3º.- Aprobación inicial de modificación da Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do concello de Valdoviño.

4º.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á Lei 2/2016, de 19 de febreiro, do Solo de Galicia.

5º.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de adopción de medidas para avanzar na laicidade do estado no ámbito municipal.

CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- Dar conta de decretos da Alcaldía. Relación núm. 03/2016.

4º.- Rogos e preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Valdoviño a 11 de abril de 2016

O ALCALDE,

Asdo: Alberto González Fernández